

DEMOSTRATIVOS E POSESIVOS

1. Busca os DEMOSTRATIVOS e POSESIVOS que aparecen nestas oracións. Ten en conta tamén aqueles que están en contraccións.

A lavadora de teu pai non ten arranxo. É mellor que merques esta que está de oferta.

Se non fas o teu traballo non esperes que eu che preste este que fixen.

Meu pai toma o seu café tódalas mañás naquela mesa do bar.

Dende que traballo, vivo soa no meu piso

Meu pai xubilouse porque aquela empresa na que traballaba pechou.

2. Completa:

1. _____ + _____: deste

5. _____ + _____: niso

2. _____ + _____: naquel

6. de + iso: _____

3. en + este : _____

7. _____ + _____: desa

4. de + aquela : _____

8. en + esta: _____

3. Busca erros de CONTRACCIÓN DE PREPOSICIÓN + DEMOSTRATIVO e escríbe a forma correcta ó lado e na orde na que aparecen en cada oración. Pode darse o caso de que haxa dous erros, un, ou ningún.

Fíxate no exemplo: En este caldeiro botas as patacas. → **Neste**

En aquela capela bautizaron o meu bisneto.

Vivimos moito tempo en esa casa que está a carón de aquela relojería.

Non hai quen faga bo de este rapaz.

Non te metas en iso, que de ese lío podes saír queimado.

Sáímos de aquela discoteca e metémonos en aquel pub.
Hai tempo que non sei de aquela rapaza que coñecín en esta festa.
Puxéronse de acordo en aquilo que non ofrecía problemas.
En esta casa non se volveu falar de aquilo.
Xa non me lembraba dese conto.

4. Identifica os demonstrativos no primeiro parágrafo e posesivos no segundo.

Aquel soño que tivera a noite anterior deixara nel as súas consecuencias. Durante todo ese día tivo a sensación de que alguén o perseguía. O seu medo era evidente: cada pouco volvíase para ver se alguén camiñaba detrás súa, cambiaba constantemente de beira, parábase a mirar neste escaparate ou naquela porta de cristal para comprobar se o reflexo lle devolvía algunha imaxe e podía confirmar a súa sospeita ou convencerse de que todo eran imaxinacións da súa cabeciña. Isto que lle sucedía nunca antes lle pasara e aquela sensación era nova para el.

Creo que a solución para ese problema está neste libro, e non nestro outro que consultas ti. Debes ter en conta a bibliografía que nos recomendou o noso profesor cando fixo a súa explicación na aula porque seguro que lle dedicou o seu tempo á selección e todos estes libros han ter cadansúa razón para estaren na lista. Tamén é certo que algúns destes títulos son seus, non quero dicir que sexan da súa propiedade senón que son da súa autoría, e iso ao mellor tamén pesou o seu nesta decisión.

5. Ortografía

Escribe ao lado de cada palabra a forma en galego.

antojo	conejo	baraja
apoyo	payaso	sortija
yoyó	yate	ensayo
yogur	papagayo	aguijón
yeso	verno	proyecto